



NOTA DE PRENSA

“Iniciativa Comunales” convoca unha xornada sobre montes veciñais, cambio climático e incendios forestais

O vindeiro sábado día 29, en sesión de 10 a 13 horas da mañá e no local social da Comunidade de Montes de Marcón (Pontevedra), **Iniciativa Comunales** desenvolverá una Xornada de divulgación e debate baixo o título de *“Montes veciñais, cambio climático e incendios forestais”*.

A celebración desta xornada responde a un acordo da II Asemblea Xeral da asociación de ámbito estatal **Iniciativa Comunales**, celebrada en Pontevedra o pasado 24 de xuño, na que varios socios galegos propuxeron este evento para reflexionar sobre as fatais consecuencias do incendio forestal de Pedrógão Grande en Portugal e a posibilidade dunha vaga de lumes en Galicia semellante á de 2006.

Segundo os expertos, as dimensións do incendio de Portugal son o resultado dunha deficiente xestión forestal das plantacións de eucalipto e piñeiro, do incumprimento da lexislación de incendios portuguesa e, en grande medida, do cambio climático e os seus efectos. O incremento da temperatura e a redución das chuvias provocaron unha sequidade do solo e da vexetación superiores aos valores normais. Isto unido a fenómenos meteorolóxicos como as treboadas secas con numerosos raios provoca un incremento notable do risco de incendio forestal, dos seus efectos negativos e das dificultades de extinción, sobre todo en áreas forestais arboradas continuas e na contorna de núcleos de poboación (interfaz urbano-forestal) e especialmente en cando se producen fenómenos complexos como as tormentas de lume que superan as capacidades de extinción de calquera dispositivo.

O cambio climático xa é unha realidade contrastada, pero nas comunidades de montes non se aprecian cambios no xeito de executar os traballos forestais, as plantacións ou as repoboacións. Segundo os especialistas, a elección das especies forestais e os modelos de xestión forestal deben adaptarse ao cambio climático, tanto como as infraestruturas de prevención de incendios forestais. As devasas clásicas e as faixas auxiliares a pista semellan inútiles nalgúns casos e deberían estudarse outras solucións como áreas de redución da carga de combustible, o pastoreo con gando lignívoro, a resinación e outros usos para controlar a carga de combustible ou a biomasa de matogueira, cando menos en zonas de alto risco de incendio. Todo isto considerando criterios sociais e ambientais de conservación de biodiversidade e de conectividade ecolóxica.

Isto explica a pertinencia da Xornada do vindeiro sábado 29 de xullo en Marcón, onde relatores con experiencia falarán sobre os incendios forestais e cuestións abordables



polas comunidades de montes seguida dun debate no que se reflexionará sobre o impacto do cambio climático nos montes, os riscos ambientais e humanos que produce e algunhas precaucións que se poden adoptar nos montes veciñais en man común.

Aportaranse visións amplas desde a experiencia práctica dos relatores que xestionan áreas incendiadas en zonas de alto risco de incendio como a península do Barbanza, a do Morrazo, Pontevedra ou Vigo. Contarán a súa experiencia directa en extinción e prevención de incendios, así como en actuacións de xestión e recuperación de zonas incendiadas.

Presentaranse argumentos científicos, técnicos e sociais dificilmente discutibles e moi relevantes para mellorar a situación dos montes veciñais en man común de Galicia, ao tempo que diminuír o risco de perda de vidas humanas, biodiversidade e toneladas de solo por mor dos incendios forestais.

Ás 10 abrirá a Xornada unha breve intervención de Xosé Carlos Morgade, presidente de **Iniciativa Comunales** e presidente da Comunidade de Montes de Mourente. Explicará as razóns da constitución de **Iniciativa Comunales** e as que levaron a esta asociación de ámbito estatal a organizar esta Xornada. Seguidamente Óscar Coto, presidente da Comunidade de Montes de Marcón que acolle esta celebración, falará dos incendios forestais de 2006 e dos efectos no monte veciñal de Marcón.

Ás 10:15 Ovidio Queiruga, presidente da Comunidade de Montes de Baroña (Porto do Son) falará sobre o goberno dos montes veciñais en man común e os incendios forestais, a través das experiencias dos comeneiros de Baroña e da Serra do Barbanza, e do xeito en que a comunidade de montes modificou a súa xestión para actuar decididamente en actuacións de prevención (desmestas, rareos, rozas, etc) e outras accións de posta en valor do monte como pastoreo extensivo, aproveitamento da resina e aproveitamento de cogomelos. Deste xeito conseguiuase mellorar os efectos negativos dos incendios forestais que castigan de cote esa comarca. O ano pasado un incendio forestal afectou gravemente ás parroquias lindeiras e ao Castro de Baroña, pero a penas ao monte veciñal de San Pedro de Baroña.

Ás 10:45, Alfonso Pazos, tesoureiro da Comunidade de Montes de Teis (Vigo), explicará as principais accións que desenvolveu a súa comunidade nos últimos 20 anos, coa consolidación dos lindes do monte veciñal e a colaboración con propietarios forestais estremeiros (non sempre comeneiros) para loitar contra a acacia negra, reducir o risco de incendios e mesmo chegar a acordos de custodia do territorio para restaurar o bosque autóctono tamén fóra do linde do monte veciñal. Alfonso Pazos, enxeñeiro técnico forestal de formación, traballa nas campañas de incendios forestais como condutor de camión motobomba.



Ás 11:15 intervirá José Antonio Vega, doutor enxeñeiro de montes pola Universidade Politécnica de Madrid e creador do Laboratorio de Lumes Forestais do Centro de Investigacións Forestais da Xunta de Galicia en Lourizán (Pontevedra). Foi profesor asociado durante 21 anos na Universidade de Vigo, coordinador do Grupo de Lumes Forestais da Sociedade Española de Ciencias Forestais e ten participado en numerosos proxectos de investigación, estatais e internacionais, sobre incendios forestais, con resultados recollidos a través dunha chea de publicacións científicas e técnicas. Este investigador de recoñecido prestixio internacional explicará as evidencias do cambio climático a través dos índices de perigo meteorolóxico de incendios e das tendencias futuras de posibles impactos. Tamén disertará sobre algunhas ferramentas de apoio á caracterización dos combustibles e de estimación do comportamento do lume nun incendio que lles afecte, así como da consecuente prioridade de áreas obxecto de tratamentos preventivos para reducir a carga de vexetación combustible.

Ás 11:45, Javier Fernández, presidente da Comunidade de montes de Meira, ademais de axente forestal integrante da brigada de investigación de causas de incendios forestais, falará de Prevención de incendios forestais e medidas a adoptar en caso de afección a núcleos rurais.

De seguido terá lugar un coloquio no que os relatores responderán ás preguntas do moderador e dos asistentes entre os cales ademais de veciños comuneiros, haberá axentes forestais, técnicos, empresas e investigadores.

Para rematar Iván Pérez – Presidente da Mancomunidade de Montes de Pontevedra dará lectura as principais conclusións da Xornada.

Iniciativa Comunales (<http://www.icomunales.org/>) é unha asociación de ámbito estatal, formada por comunidades que gobernan augas, terras, bens e dereitos de forma comunitaria. Outros membros clave da asociación son ONGs, universidades, empresas e outras entidades, ademais de persoas a título individual. O seu obxectivo común é a defensa e o recoñecemento destes sistemas comunais e promover entre as comunidades a boa xestión e a mellora dos seus resultados sociais, económicos e ambientais.